

OS CADERNOS BERCIANOS. LÉXICO GANDEIRO.

Antigamente utilizábase a expresión a FACENDA para designar a totalidade do patrimonio gandeiro familiar. A tenencia de gando maior (bois, vacas, cabalos...) era fundamental para a veciñanza berciana, caso do traballo agrario e mailos transportes. Pola outra banda, tamén existía o complemento do gando menor (cochos, cabras, ovellas...) que tiña máis valor comercial e alimentario.

No sistema comunal berciano participaba activamente o gando. Así acontecía coas chamadas VECEIRAS de gando. Tratábase da formación de fatos de animais de xeito comunal. Os rabaños de ovellas e cabras, así como as pias de cochos unían todos os animais da localidade. Eses fatos eran conducidos por un PRIGUEIRO, contratado polos propietarios do gando para ir á procura dos PACEDEIROS. Tamén os propios veciños podían facerse cargo dos rabaños comunais por un tempo determinado chamado FERIDO.

AS MEIRIÑAS DE CASTELA.

Os gandos, menores e maiores, levábanse aos mellores PASTEIROS que estaban lonxe das localidades. Os lugares privilexiados para o pasto eran coñecidos como BRAÑAS, ALZADAS e MALLADAS. A importancia destas brañas foi tal que durante séculos acudiron a elas rabaños MEIRIÑOS até as serras de Ancares, Cabreira e Gistreo. Os gandeiros foráneos pagaban o correspondente arrendamento de pastos durante os meses de verán, o que reportaba ingresos para as localidades bercianas.

Os ditos antigos rabaños meiriños viñan pola rota Vizana dende Castela e Estremadura. Para chegar ao Bierzo utilizaban as súas vías de comunicación chamadas CANADAS, CORDEIS e VEREAS. Mais coa chegada do ferrocarril a Astorga, os rabaños utilizaron este medio de transporte. Os gandeiros meiriños defendían os seus privilexios mediante o Real Consello de la Mesta.

OS VAQUEIROS DA ALZADA.

Na provincia histórica do Bierzo tamén había emigracións gandeiras estacionais (VAQUEIROS DA ALZADA). Referímonos a localidades que tiñan BRAÑAS e ALZADAS onde acudían cos seus gandos, desde o mes de abril a outubro, para aproveitar os mellores pastos de altura. O caso máis coñecido é o de Aira da Pedra que tiña a braña de Campo de Agua. Nos meses estivais toda a veciñanza subía á braña para vivir durante os meses estivais. A importancia de Campo de Agua consévese na celebración da festa de S. Bartolo e a ROMARÍA de Veiga do Olmo, incluso tivo varios barrios (ROBLEDO E BUSTELO).



Os termos relacionados coas explotacións gandeiras son numerosos. Temos ademais CORRAIS, CORTE, SESTEIROS, ALQUEIRAS, AGOSTADEIROS, etc. Incluso hai localidades bercianas que teñen a súa orixe en léxico gandeiro, en CABAÑAS DE DORNILA, CABAÑAS DO FABEIRO e CABAÑAS RARAS.

A importancia do gando berciano manifestouse tamén cunha vaca propia, chamada BERCIANA de orellas grandes, que se vendía nas FEIRAS do noroeste peninsular. As feiras bercianas de máis sona foron as de Vilafranca, Ponferrada, Cacabelos, Veiga de Valcarce, etc. Aquí acudían os tratantes foráneos para facer tratos cos vaqueiros locais nos CAMPOS DA FEIRA das nosas localidades. O gando mercado no Bierzo logo era levado ás grandes feiras castelás de La Bañeza, Benavente e Medina del Campo.

Incluimos outras explotacións de animais coma os CORTÍNS que gardaban os TROBOS e COLMEAS de abellas dos lambóns osos. Ademais, os coñecidos CORTELLOS, CORRALÓNS (en Balouta) e BARDAS (en Ancares) servían para cazar aos abundantes lobos.